

Dilema moral

Modelo para a resolución

Aprende a dar resposta a dilemas morais de xeito argumentado e respectuoso seguindo estes pasos.

DILEMA

PASO 1. Define o dilema

Describe coas túas propias palabras a situación da forma máis imparcial e completa que poidas: persoas implicadas, espazo e tempo. escoita os teus pensamentos pero tamén os teus sentimentos.

PASO 2. Detalla as solucións posibles

Trátase dun dilema pechado (formúlanse as posibles opcións de resolución) ou aberto (non se especifica ningunha solución)?
En calquera caso, fai unha chuvia de ideas e anota as opcións que se che ocorran sen xulgar.

PASO 3. Identifica os valores en xogo

Fai unha lista de valores en xogo. Que valores (lealdade, sinceridade, xustiza, respecto...) están comprometidos con cada unha das opcións? Exemplo: Evalúa e sopesa criticamente estes valores.

OPCIÓN A:

OPCIÓN B:

PASO 4. Valora as opcións

Analiza os pros e contras de cada alternativa para todas as persoas implicadas, tanto a curto como a longo prazo.

| | Argumentos a favor | Argumentos en contra |
|----------|--------------------|----------------------|
| Opción A | | |
| Opción B | | |

PASO 5. Toma unha decisión

Elixe a opción que consideras máis adecuada e xustifica a túa elección con argumentos significativos.